

e que non teña algun mandinho de donde sacar pr' ela e pr' o pan noso de cada día.

De calquer maneira, penso que pra remedear todo est' o mellor é... que lle poñan cañería a veira d' o tellado, como fixeron os probes, porque penso qu' o exemplo deb' empezar por enriba. Disgraceadamente, nin por aló nin por acá esto é verda.

Ou sinon, que mand' o Sr. Alcalde ós barreiros, qn' os pinchen con valoiras grandes, total as mañás de xiada, pra que non se vexa esposto a que lle creben a cabez' ó que pasa pol-a rúa de San Pedro a carón d' a parede d' o Goberno civil.

Suso.

### A CENCEA D' UN LORO

Conta un diareo qu' en México hai un loro;  
(Nin ll' agrego nin saco, falo á coro),  
Que palra inglés, francés e castillano,  
Y é pr' el pagóceo llano.  
Trataf unha custeón de Xeografía:  
Ou facer n-un instante unha pcesia;  
Que coñece a Granátec' ó dedillo,  
Que cont' o que recórda de *chiquillo*,  
Y entretén ós viaxeiros.  
Con contos y anedontas churrusqueiros,  
Y outro diare' ó dar conta d' este caso,  
Pergunta, e con razón, se foi acaso  
O loro mesm' o qu' esquirbiu a hestórea,  
Pois tendo de manórea,  
Cencea, grácea e virtù tan grande suma,  
N' era estrano unha pruma  
S' arrincase d' o rabo,  
Y esquirbise despois d' a cruz ó cabo  
A hestórea verdadeira,  
Qu' os tolos tragan, non A MONTEIRA.

P. D' AS F.

### DE TODO UN POUÇO

Saudamos respetuosamente ó Sr. La Portilla, nomeado Gobernador militar d' esta porvincea, que fai poucos dias tomou posesión d' o seu novo distino y o mesmo saúdo diriximos ó seu axudant' o noso amigo Sr. Arce, dese-

xando que pr' ambos sex' agradabre a estância en Lugo.

Aló lonxe, en Valencia, un cándido candidato esquirbia os seus amigos cartas com' a que copeamos, sin quitarl' unha tilde:

«Amigo Gaspar. Espero de si puede y quiero me botará oy para 6<sup>o</sup> *teniente* Al Calde, dandole las *Gracias* S. S. q. M. José M. Llopis — (Hai unha rubrica.)»

Pois sinor, pol-o visto é de todol-os sitios a *mania d' o castillano*.

En Valencia falan o lemosin; pro moitos fan, pol-as trazas, como en Galicia, ond' en vez d' esquirbir ben en galego, perfiren o facer mal en castillano.

Esponer anúnceos com' os que se ven por ahí apegados e d' os que falaremos outro dia.

Un Concexal propux' o Aumentamento de Ourense non permitir ás revendedeiras mercar nada n-a praza d' abastos, hastra despois d' as dez d' a mañán.

O noso querido compañeiro de Pontevedra *Galicia Recreativa*, donde lémol-a noticia, pregunta s' haberá un Concexal que faga outro tanto ali.

Pois si n' hai quen s' acorde,  
Caro *colega*  
D' os direitos d' o pobo  
Por Pontevedra;  
O qu' é por Lugo....  
Todos lle fan o mesmo  
N' o mesmo asunto.

En Alicante un mozo estivo beilando tod' a noite d' un d' os días de Carnaval c' unha máscara y antuseasmado, regaloull' un décimo d' a lotería, que saíu premeado con 20.000 pesetas. Ela era custureira.

D' esta vez a lotería,  
Non pode negarl' afellas,  
Que de máscara vistida  
Tropezou co-a custureira.

N-un periódico lémos qu' a señora Doña Emilia Pardo Bazán irás' á vivir á Madril drento de pouco.

Non cabe xa n-a Cruña?